



CERTIFICADO

Sergio Domingo Baamonde Boquete, secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

CERTIFICA: Que a directora da Escola Galega de Administración Pública o 8 de agosto de 2017 emitiu a Resolución que se transcribe:

“Resolución do 8 de agosto de 2017, da Escola Galega de Administración Pública pola que se resollen as solicitudes de subvencións para a financiación dos plans de formación no ámbito da Administración Local, convocadas mediante Resolución da EGAP do 3 de marzo de 2017 (DOG núm. 53, do 16 de marzo).

ANTECEDENTES

1. Mediante Resolución da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 3 de marzo de 2017 (DOG núm. 53, do 16 de marzo) aprobáronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia no ano 2017, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

2. Acoléndose á dita convocatoria, presentaron solicitudes de subvención para executar a actuación referida as seguintes entidades locais:

A FEGAMP, a Deputación Povincial de Lugo, a Deputación Povincial de Pontevedra, o Concello de Pontevedra, a Deputación Povincial da Coruña, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, a Deputación Povincial de Ourense, o Concello de Arteixo, o Concello de Vilalba, o Concello de Cangas e o Concello da Coruña.

3. O 19 de xuño de 2017 a Comisión de Valoración, coa composición que establece o artigo 12 da citada Resolución, analizou e valorou as solicitudes presentadas.

4. O 29 de xuño de 2017 a Comisión Paritaria de Formación para o Emprego da Administración Local da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Comisión Paritaria) emitiu informe-proposta de resolución de concesión das subvencións.

5. Mediante resolución da directora da EGAP do 4 de xullo de 2017 denegóuselle a axuda solicitada ao plan agrupado promovido polo concello de Vilalba.

6. Con data do 7 de xullo de 2017 o órgano instrutor enviou os requirimentos de adaptación as entidades locais promotoras dos plans de formación local ó importe concedido e indicado na proposta de resolución da Comisión Paritaria.

7. O 4 de agosto de 2017 a Comisión de Valoración da a súa conformidade as adaptacións presentadas polas entidades locais promotoras dos plans de formación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. De acordo co artigo 12 das Bases reguladoras —*Órganos competentes*— previa a análise e valoración da Comisión de Valoración, correspóndelle ao directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) ditar as diferentes resolucións que se deriven do procedemento administrativo de concesión das subvencións.

2. En virtude do disposto no artigo 14.1 das citadas bases, a Comisión Paritaria deberá emitir informe e aprobar con carácter previo os plans de formación que concorran á convocatoria de





subvencións. O citado órgano emitiu informe-proposta de resolución de concesión das subvencións o 29 de xuño de 2017 e para determinar o importe do investimento subvencionado ou custo elixible e fixar a contía máxima de axuda, tivéronse en conta os criterios recollidos artigo 15 das bases reguladoras da convocatoria.

No dito informe-proposta se propuña o seguinte:

“Primeiro. Conceder as axudas económicas para a financiación dos plans de formación das entidades locais que se reflicten no anexo, con indicación dos beneficiarios e o importe da axuda.

Segundo: Denegar a concesión da axuda ó Concello de Vilalba por incumprir o artigo 3 das bases reguladoras.

Terceiro: Requirit a adaptación do importe da solicitude ao concedido as entidades locais beneficiarias da axuda”.

3. Segundo o artigo 14.3 das bases elaborada a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e a súa contía, “e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Con todo, poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos, nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Neste procedemento só se tiveron en conta aqueles feitos, alegacións ou probas aducidos polos propios interesados, polo que se prescindiu do trámite de audiencia.

4. De acordo co artigo 13.7 das bases os beneficiarios atenderon o requirimento en prazo e a Comisión de Valoración deu a súa conformidade as adaptacións realizadas o 4 de agosto de 2017.

5. Para a tramitación deste expediente tívose en conta o establecido na Resolución do 3 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia no ano 2017 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sobre a base dos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, **RESOLVO** :

Primeiro: Conceder as axudas económicas para o financiamento dos plans de formación das entidades locais que se reflicten no anexo, con indicación dos beneficiarios e o importe da axuda.

Segundo: Informar ás adxudicatarias de que poderanse realizar pagos anticipados ás entidades beneficiadas por importe de ata o 25 por cento da cantidade concedida. Igualmente poderá realizarse o pago de ata un 35 por cento adicional unha vez acreditado o inicio da actividade formativa. En todo caso o 40 por cento do importe concedido farase efectivo unha vez finalizada e xustificada a actividade formativa subvencionada. Ditas entidades locais deberán xustificar o pago que dá lugar á subvención de acordo co previsto no artigo 18 destas bases reguladoras.

Poderanse realizar pagos anticipados por importe ata o 80% da subvención outorgada, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. As entidades locais beneficiadas deberán xustificar o pagamento que da lugar a subvención de acordo co previsto no artigo 18 das bases da convocatoria.

Terceiro: Advertir as entidades beneficiarias do seguinte:





1. O período de execución será o comprendido entre a data de concesión da subvención e o 31 de decembro do ano 2017. A partir do momento da adxudicación das subvencións, as entidades beneficiarias poderán modificar os seus plans de formación, debendo realizalo antes do 30 de novembro de 2017, para ese efecto deberán solicitar á comisión Paritaria de Formación local para o Emprego desta Comunidade Autónoma a súa aprobación.

2. A xustificación realizarase mediante a achega á EGAP da correspondente conta xustificativa na forma e que se determina na convocatoria no seu artigo 18. O prazo de xustificación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de marzo de 2018.

Os documentos deben ser remitidos sempre en orixinais ou copias compulsadas.

3. De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, se transcorrido o prazo de xustificación o beneficiario non presenta a documentación xustificativa, a Egap requirirao para que no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada, con apercibimento de que a falta de presentación dará lugar á exixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cuarto: Ordenar que se notifique esta resolución de concesión, coa advertencia de que unha vez transcorridos dez (10) días hábiles desde que se produza a dita notificación, se o interesado non renuncia expresamente á axuda, adquirirá a condición de beneficiario.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da Escola Galega de Administración Pública no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, segundo o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO

<i>Plan agrupado</i>			
<i>N.º expediente</i>	<i>Beneficiario</i>	<i>Orzamento solicitado</i>	<i>Importe da axuda concedida</i>
2/2017	Deputación Provincial de Lugo	66.700€	50.682€
5/2017	Deputación Provincial da Coruña	282.946€	106.628€
7/2017	Deputación Provincial de Ourense	296.041€	51.574€
3/2017	Deputación Provincial de Pontevedra	154.744€	73.542€
6/2017	Mancomunidad del Área Intermunicipal de Vigo	67.250€	14.441€
<i>Plan interadministrativo</i>			
<i>N.º expediente</i>	<i>Beneficiario</i>	<i>Orzamento solicitado</i>	<i>Importe da axuda</i>





			<i>concedida</i>
<i>1/2017</i>	<i>Federación Gallega de Municipios y Provincias</i>	<i>118.860€</i>	<i>102.697 €</i>
<i>Plan unitario</i>			
<i>N.º expediente</i>	<i>Beneficiario</i>	<i>Orzamento solicitado</i>	<i>Importe da axuda concedida</i>
<i>11/2017</i>	<i>Concello da Coruña</i>	<i>232.600€</i>	<i>17.187 €</i>
<i>4/2017</i>	<i>Concello de Pontevedra</i>	<i>39.987</i>	<i>5.866€</i>
<i>8/2017</i>	<i>Concello de Arteixo</i>	<i>7.200€</i>	<i>2.638€</i>
<i>10/2017</i>	<i>Concello de Cangas</i>	<i>3.200€</i>	<i>2.650€</i>

“

E para que conste, asino este certificado.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017

